

WHITNEY

[Kevin Macdonald, 2018]

406

ESTREA EN NUMAX: 06.07.2018 | V.O.S.E. | +12

Whitney (2018, 120')

Dirección: Kevin Macdonald

Guión: Kevin Macdonald

Participación: Whitney Houston, Bobbi Kristina Brown, Cissy Houston, Robyn Crawford, Clive Davis, Gary Houston, L.A. Reid, Alan Jacobs

Son: Glenn Freemantle

Montaxe: Sam Rice-Edwards

Fotografía: Nelson Hume

Son: Glenn Freemantle

Música: Adam Wiltzie

Produtoras: Lightbox (Reino Unido)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Black Sea (Mar tenebroso), 2014

Marley, 2012

La legión del águila, 2011

La vida en un día, 2011

La sombra del poder, 2009

El último rey de Escocia, 2006

Tocando el vacío, 2003

Being Mick, 2011 [TV]

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección oficial)

SINOPSE

Whitney Houston rompeu máis récords na industria musical que ningunha outra cantante na historia. Con máis de 200 millóns de álbums vendidos en todo o mundo, foi a única artista en conseguir sete números 1 consecutivos nos Estados Unidos, antes de que a súa brillante carreira dese paso a comportamentos erráticos, escándalos e a súa morte repentina aos 48 anos. *Whitney* é un retrato auténtico, íntimo e honesto da artista e a súa familia, que sondea alén de titulares sensacionalistas e bota luz á súa fascinante traxectoria de vida.

«Poderoso e incisiva. Dúas horas absorbentes nas que Macdonald equilibra desgarradores baixóns con abraiantes picos»

Ed Pottin, THE TIMES



“Hai algo profundamente problemático e misterioso en Whitney”

Entrevista con Kevin Macdonald

Por Alex Ritman

Que che fixo decidirte por un filme sobre Whitney Houston? Na miña primeira aproximación ao proxecto a miña resposta inmediata era que non estaba o suficientemente interesado na artista. Pero logo sucederon dúas cousas. Coñecín a Nicole David, a súa representante durante moito tempo, que era moi próxima a ela. E díxome: «non entendo que pasou, ela era a rapaza máis encantadora», e viña de alguén que a coñecía realmente ben. Iso pareceume interesante. E logo Nicole envioume un artigo sobre a súa execución do *Star Spangled Banner*, na final da Superbowl. Esta combinación de elementos fixome interesarme polo misterio do personaxe, e tamén pola súa xenialidade como cantante. Unha muller que acadou un grande impacto sobre a cultura pero á que ninguén tomou en serio.

Como foi a relación cos herdeiros de Whitney. Decidiron algo sobre o corte final? Xa fixen anteriormente traballos sobre celebridades, e no primeiro deles, sobre Mick Jagger, sentínme enganado e non puíden concluír o filme como quería. Desde entón fixen outro sobre Bob Marley e máis este. Non tería iniciado o proxecto se non tivese o control sobre o corte final. Mais o certo é que tivemos

unha colaboración moi agradábel e mesmo apoiaron o filme, aínda cando nel saían á luz algúns problemas sensíbeis da vida de Whitney.

Como reaccionaron antes estes asuntos? Entrevistei aos seus irmáns, que son parte fundamental da súa vida, dixéronme que para eles fora como unha sesión terapéutica, para tentar dalgún xeito entendela. Porque Whitney é un total misterio. Iso frustroume ao tempo que me fascinou. Nunca falaba dela mesma, o 95 por cento das entrevistas que concedeu eran completamente superficiais. E nas súas aparicións públicas daba sempre a sensación de non querer estar alí. Daquela comecei a preguntarme a que se debía iso.

Puידeches falar con Bobby Brown. Como foi a cousa con el? A historia persoal de Whitney foi tan maltratada pola prensa sensacionalista e a xente que a rodeou durante vinte ou trinta anos que case todo o que se ten dito é mentira. En canto a Brown, coido que non está preparado para dicir a verdade, polas razóns que sexan.

Non falaches coa súa mellor amiga, Robyn Crawford. Tentaches contactar con ela? Intercambiei algunhas conversas con ela pero tras oito meses de dúbidas decidí non participar. É unha mágoa mais ao rematar o filme non me pareceu tan importante a súa ausencia.

Houbo algunha relevación maiúscula, que non pensabas encontrar? Si, e teñen a ver sobre todo coa familia, o seu pasado. Para calquera persoa do mundo as respostas aos misterios da súa vida adoitan

atoparse na infancia, o crecemento e os pais. E iso é exactamente o que sentín con ela.

En que momento soubeches que Nick Broomfield estaba a facer o seu propio documental sobre Whitney, *Can I Be Me* (2017)? Cando tiven as primeiras conversas souben do seu interese por facer algo ao respecto. A miña percepción era que o seu proxecto ía por vieiros moi diferentes do meu. Non vin o filme, preferín deliberadamente non telo en conta, pero por suposto que respecto completamente o traballo de Nick.

Non modificou a túa estratexia de realización? Realmente non. A miña é unha película moi íntima e trata tamén a súa xenialidade musical. E eses dous elementos sabía que non podería acadalos o outro filme porque non tiña acceso á música, agás un concerto, nin tampouco á familia.

De entre todas as celebridades que retrataches nos teus filmes onde se sitúa Houston en termos de intriga? Sempre me abraiou como a xente é quen de falar horas e horas sobre ela. E iso é porque hai algo profundamente problemático e misterioso nela. Esa é unha cualidade algo diferente das outras celebridades coas que traballei. O nivel de fascinación e disección no personaxe foi moito maior nela. Porque hai unha estraña carencia en Whitney. Pero logo atopamos a voz que comunica as emocións tan directamente, como un dardo de adrenalina no corazón.

Publicado en hollywoodreporter.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

Fait NUMAX!